

O SOÑO DE SARA



Sara tivo un soño. No seu soño había unha fonte magnífica da que no canto da auga manaban caramelos de cores e todos os nenos que xogaban na Alameda de Compostela corrían a beber caramelos.

Entón, a súa avoa Carme díxolle no soño:

— Os caramelos non se beben, Sara.

E Sara ollou para ela con sorpresa porque había moito tempo que non falaba.

[...]

Sara non se moveu do soño pero mirou cara á fonte da Alameda e comprobou que os caramelos se transformaran en chorros de refrescos de laranxa, limón e cola, e contestoulle á avoa do soño:

— Xa non son caramelos, avoa, debe de ser unha fonte máxica.

— Non so é máxica —contestoulle a avoa— é a fonte dos desexos, por iso cada vez que a miras mana unha cousa diferente. Hai un momento desexabas caramelos e da fonte saían caramelos. Despois desexaches refrescos e a fonte dou refrescos. Se desexas outra cousa, a fonte daracha.

[...]

Das billas da fonte empezaron a caer palabras de todo tipo, con letras maiúsculas e Minúsculas, con letras de cores, con letras de pau e letras redondas...

As palabras collíanse da man e bailaban. Formaron un coro e toda a Alameda se encheu de notas musicales, porque Do, Re, Mi, Fa, Sol, La, Si, tamén son palabras, pero con música dentro.

Sara estaba marabillada e abraíouse aínda máis ao ver que algunhas palabras comezaron a voar porque dicían bolboreta, estorniño, andoriña, pardal, pomba ... O ceo da Alameda encheuse de palabras voadoras.

Xosé Antonio Perozo. Unha mensaxe para Sara

1. Marca se as afirmacións son verdadeiras ou falsas.

	verdadeiro	falso
A avoa faláballe en soños.		
Foi un soño sorprendente para sara.		
A fonte só lle cumpriu un desexo a Sara.		
A alameda encheuse de paxaros.		

2. No texto dise que a fonte é ...

- A. ... maravillosa e sorprendente.
- B. ... magnífica e máxica.
- C. ... abraiante e máxica.
- D. ... magnífica e maravillosa.

3. Da fonte saían palabras andoriña, pomba ... e estas palabras voaban. Se da fonte saísen as palabras xurelo , pescada, bacallau ... que farían as palabras?

- A. Voar.
- B. Comer.
- C. Rir.
- D. Nadar.

4. O texto titúlase "O soño de Sara". Que outro título sería adecuado para este texto?

- A. As palabras máxicas.
- B. A Alameda de Compostela.
- C. A fonte dos desexos.
- D. A fonte de Sara.

5. Se este texto fose unha noticia serviría para informar, como este texto é un conto serve para...

- A. ... entretener.
- B. ... expresar opinións.
- C. ... dar instrucións.
- D. ... convencer.